

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Común**" entre os números **C1** e **C12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. A provisión das prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde rexeráse polos seguintes principios básicos:

- A) Participación das organizacións sindicais na determinación das condicións e procedementos de selección, aínda que non do número de prazas convocadas e da periodicidade das convocatorias.
- B) Igualdade, mérito, capacidade e publicidade na selección, promoción e mobilidade do persoal do organismo.
- C) Libre mobilidade e circulación do persoal só no conxunto dos centros e servizos do Servizo Galego de Saúde.
- D) Integración do persoal no réxime organizativo do Servizo Galego de Saúde, e no funcional de outros servizos de saúde.

2. Segundo o artigo 92 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, o Servizo Galego de Saúde configúrase como:

- A) Unha fundación de interese xeral.
- B) Unha empresa pública.
- C) Un organismo autónomo de natureza administrativa.
- D) Un ente privado dotado de personalidade jurídica propia.

3. A Constitución Española recolle o dereito á protección da saúde entre:

- A) as garantías das liberdades.
- B) os principios reitores da política social e económica.
- C) os dereitos fundamentais.
- D) os deberes da Administración.

4. Conforme ao Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde (Lei 55/2003, do 16 de decembro), indique cal das seguintes opcións é unha falta grave:

- A) A falta de rendemento que afecte ao normal funcionamento dos servizos de saúde e non constitúa unha falta moi grave.
- B) O abandono do servizo.
- C) A falta de asistencia durante máis de cinco días continuados ou a acumulación de sete faltas en dous meses sen autorización nin causa xustificada.
- D) O descoído no cumprimento das disposicións expresas sobre seguridade e saúde.

5. A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, establece que se considerarán como "danos derivados do traballo":

- A) Só as enfermidades profesionais.
- B) As lesións ou enfermidades sufridas exclusivamente a consecuencia dun accidente de traballo.
- C) Só as lesións físicas producidas no lugar de traballo ou durante o desprazamento na entrada e saída do mesmo.
- D) As enfermidades, patoloxías ou lesións sufridas con motivo ou ocasión do traballo.

6. De acordo co disposto no Estatuto de Autonomía de Galicia, unha das funcións do Parlamento de Galicia é:

- A) Exercer a potestade lexislativa da Comunidade Autónoma.
- B) Elixir, de entre os seus membros, aos Conselleiros e Conselleiras da Xunta de Galicia.
- C) Esixir responsabilidade política e económica ao Congreso.
- D) Exercer a potestade executiva da Comunidade Autónoma.

7. Cal das seguintes NON é unha prestación sanitaria do Sistema Público de Saúde de Galicia, segundo o disposto na Lei de Saúde de Galicia?

- A) Prestacións homeopáticas.
- B) Prestacións ortoprotésicas.
- C) Atención a urxencias e emerxencias.
- D) Os produtos dietéticos.

8. Sinale a opción FALSA.

En relación coa historia clínica, a Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, modificada pola Lei 3/2005, establece que:

- A) As historias clínicas son documentos confidenciais propiedade do paciente pero custodiados pola Administración sanitaria ou entidade titular do centro sanitario.
- B) Na historia clínica poderán ser usados calquera dos soportes documentais axeitados para a súa utilización, sempre e cando garantan a súa autenticidade, integridade, seguridade e conservación.
- C) Toda persoa que no exercicio das súas funcións ou competencias teña coñecemento dos datos e informacións contidas na historia clínica terá a obriga de reserva e sigilo respecto destes.
- D) O acceso á historia clínica con fins epidemiolóxicos, de saúde pública ou de investigación, obriga a preservar os datos de identificación persoal do paciente, separados dos de carácter clínico–asistencial, de modo que como regra xeral quede asegurado o anonimato.

9. De conformidade co artigo 1 da Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade, son titulares do dereito á protección da saúde e á asistencia sanitaria:

- A) Todos os españois.
- B) Todos os españois e cidadáns estranxeiros.
- C) Todos os españois residentes no territorio nacional en situación de alta na seguridade social.
- D) Todos os españois e os cidadáns estranxeiros que teñan establecida a súa residencia no territorio nacional.

10. Segundo o artigo 21 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, é causa de extinción da condición de persoal estatutario fixo:

- A) A incapacidade absoluta temporal.
- B) A situación de servizos especiais.
- C) A incapacidade permanente, nos términos previstos nesta lei.
- D) A suspensión de funcións en calquera caso.

1. Segundo o disposto na Lei 31 /1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, en cumprimento do deber de protección, en que momento o empresario deberá garantir que cada traballador reciba unha formación teórica e práctica, suficiente e adecuada, en materia preventiva?

- A) No momento da súa contratación, sempre que a duración do contrato sexa superior a un ano.
- B) Cando se produzan cambios nas funcións que desempeñe o traballador.
- C) O empresario debe realizar unha xornada formativa todos os anos.
- D) A Lei de riscos laboais non o menciona.

2. Segundo o establecido na Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, modificada pola Lei 3/2005, é responsabilidade de cada centro sanitario:

- A) Regular o procedemento para que quede constancia do acceso á historia clínica e do seu uso.
- B) Adoptar todas as medidas precisas para garantir o dereito do paciente a que se respecte o carácter confidencial dos seus datos de saúde.
- C) Determinar o contido da historia clínica.
- D) Establecer os criterios de acceso á historia clínica con fins distintos ao asistencial.